



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



AXENDA 21 LOCAL. CONCELLO DE RIBADEO

ANÁLISE D.A.F.O.

5) ANÁLISE D.A.F.O.

DEBILIDADES

- Falta de control nas captacións de augas particulares que non posúen autorización nin contador.
- Falta de control nos puntos de vertedura non autorizados.
- Falta de control nas verteduras á rede de sumidoiros; presenza de efluentes non domésticos na EDAR de Ribadeo.
- Aínda quedan núcleos de poboación sen conectar ó servizo de saneamento municipal.
- Problemas de xestión de lodos e fangos na EDAR.
- Falta de capacidade na EDAR de Ribadeo.
- A rede de sumidoiros na súa meirande parte é de tipo mixto ou unitario, o que supón problemas para cumprir os obxectivos de depuración de augas, principalmente polo exceso de entrada de auga de choiva.
- Escaseza de datos para o coñecemento e seguimento dos niveis de calidade do aire.
- Falta de datos para o cálculo das emisións de gases efecto invernadoiro.
- Dificultade na obtención de datos e seguimento continuado da xeración e composición dos residuos.
- Inexistencia de recollida selectiva de materia orgánica.
- Ausencia de centros de produción de enerxía.
- Homoxenización e banalización do espazo rural debido as concentracións parcelarias e as plantacións de eucalipto.
- Autovía A-8 a nivel paisaxístico.
- Desprazamento do sector gandeiro polo turismo na ocupación do solo. Perda de sustentabilidade.
- Plantacións de eucalipto abandonadas.
- Deficiencias no suministro eléctrico.
- Deficiencias na xestión do tráfico no casco urbán.

AMEAZAS

- Risco de contaminación do solo e da auga polo mal estado das conducións na rede de sumidoiros, cuxo material é o formigón (problemas de fugas e infiltracións).
- Falta de sensibilización e concienciación coa problemática do cambio climático.
- Falta de participación e colaboración na separación e correcto depósito dos residuos.
- Desaparición dos empregos do agro.
- Aumento do Risco de incendios.
- Avellentamento da poboación.
- Despoboamento do rural.
- Especies vexetais invasoras. Eucalipto.
- A xente nova cualificada ten que marchar por falta de oportunidades laborais.

FORTALEZAS

- Gran potencial turístico
- Existencia de áreas de alto valor ambiental, paisaxístico e ecolóxico: desembocadura do Eo, bosques de ribeira e cantís rochosos na liña costeira.
- Rico patrimonio natural, cultural e etnográfico.
- Existencia de espazos naturais protexidos: LIC-ZEPVN río Eo e As Catedrais. .
- Importancia das áreas naturais como corredores ecolóxicos supramunicipais, especialmente río Eo e as marismas, pero tamén a liña rochosa costeira.
- Todos os núcleos de Ribadeo están conectados á rede de abastecemento de augas municipal.
- Existencia dun punto limpo.
- Un solo dedicado tradicionalmente á agricultura, gandería, e ó sector forestal.
- Situación xeográfica enmarcada dentro do eixo de desenvolvemento cantábrico.
- Existencia dun porto.
- Posición fronteiriza con Asturias.

OPORTUNIDADES

- Aproveitamento dos corredores ecolóxicos liñais: beiras do Eo e liña costeira, para finalidades ambientais e de ocio.
- Aproveitar a conxuntura actual para desvincular a recuperación económica do incremento das emisións.
- Aproveitamento das liñas de financiamento no marco do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.
- Desenvolvemento das enerxías renovables.
- Produción ecolóxica agrícola e gandeira.
- Apertura da autovía A-8.
- Ampliación do porto.
- Desenvolvemento do novo PXOM.
- Desenvolvemento do polígono industrial.
- Posición fronteiriza con Asturias.

